

IGN SOLUTIONS



"Vimos en Galicia un tremendo potencial para a prestación de servizos tecnolóxicos no medio rural"

J.-C. Díaz Fernández / S. Méndez Pérez / J. Solé Muñoz

Datos básicos

Actividade:	Empresa de servizos tecnolóxicos
Sector de actividade	Actividades de reciclaxe e ambientais
Nº empregados	3
Inversión inicial	110.000 €
Financiamento inicial:	O investimento inicial foi financiado con achegas dos socios e préstamos bancarios.
Web:	www.ign-solutions.com
Municipio:	Lugo, Lugo
Ano creación:	2007

Descrición do proxecto

Dedicámonos a prestar servizos tecnolóxicos, tanto instalacións físicas como servizos de valor engadido. Entre outros, salientan a instalación e configuración de equipos informáticos, desenvolvemento de aplicacións como por exemplo automatización de explotacións gandeiras, xestión da seguridade das infraestruturas tecnolóxicas ou consultoría integral.

Estamos especialmente enfocados na creación de redes para permitir o acceso a internet no medio rural. Estas redes pódense crear a través dun cableado ou ben mediante tecnoloxía sen fío wifi, que permite que o sinal funcione nun radio de 20 km. en liña recta, e que pivote en sucesivos radios, o que permite cubrir zonas moi amplas cun investimento mínimo.

En resumo, a nosa actividade distribúese en catro áreas básicas:

- Infraestrutura físicas

Instalación de sistemas de cableado para dotar de alimentación aos equipos e dos sistemas de alimentación ininterrompida para os servidores, sistemas de almacenamento e de comunicacións.

- Networking, redes cableadas, redes sen fío, telefonía e automatización

Realizamos despregues de redes de diferentes fabricantes, ofrecemos consultores con experiencia na implantación e xestión de grandes redes corporativas, electrónica redundante, contornos wan, routing e converxencia de servizos (telefonía IP, Streaming,...).



Descrición do proxecto

Focalizamos moitos esforzos en despregar redes wireless, tanto Wifi como Wimax, así como ligazóns punto a punto e punto a multipunto sen fío. Ademais, somos partners de Voz Telecom e ofrecemos servizos de telefonía IP usando centrais virtuais porque flexibilizan a xestión, o crecemento e facilitan enormemente a mobilidade dentro da empresa.

- Sistemas, Seguridade e Helpdesk

Realizamos mantemento de sistemas up & running: Solaris, Aix, OSF/1, Linux, Open VMS, Mac VOS, Windows, Host IBM,... así coma experiencia en hardware como Sun, HP, IBM, NetApp, EMC2, Barracuda,... Facemos uso intensivo da virtualización. Somos partners de Parallels, e temos unha ampla experiencia con Vmware. Ambos líderes do mercado. Implementamos e xestionamos solucións de clustering e alta dispoñibilidade en contornos Linux, Windows e Solaris. E tamén a correcta xestión da almacenaxe na organización, con solucións redundantes e sistemas de copia e protección de datos e disaster-recovery. Por último, ofrecemos solucións de soporte personalizadas para manter a infraestrutura de servidores e equipos cliente mediante diferentes modalidades de helpdesk, chegando incluso a ofrecer servizos 7x24 se o cliente así o require.

- Sistemas de Información

Deseñamos sistemas de información para as organizacións, tales como páxinas web, intranets, sistemas documentais, contornos colaborativos,... e formamos aos nosos clientes para garantir que as solucións implantadas son usadas de forma correcta e así obter a máxima produtividade.

Datos empresa

Claves do éxito

Creemos que a maior clave do éxito é basear o noso traballo no convencemento de que o acceso ás novas tecnoloxías é un dereito de todo o mundo, non un privilexio dunhas cantas empresas. Se tende a pensar nun perfil de usuario de novas tecnoloxías que resulta bastante discriminatorio. Quizais quen máis necesidade ten de acceder a Internet sexan as persoas que están xeograficamente máis illadas. E no caso de empresas, podemos pensar en explotacións gandeiras con marxes moi pequenos nas que un sistema de automatización permite por exemplo ver nunha pantalla dende a túa casa, o estado no que se atopan unhas vacas a piques de parir sen ter que pasar varias noites vixiando por se hai que chamar ao veterinario.

Ofrecemos servizos de persoa a persoa, solucións que se adaptan ás necesidades dos nosos clientes, e non solucións ás que eles teñen que adaptarse. A mellor solución que nós ofrecemos é sempre froito dunha innovación e de saber transmitir ao teu cliente a forma en que o uso das TIC pode axudar na vida diaria de cada un. Neste sentido, desenvolvemos unha importante labor comercial e de difusión para facer comprender a forma en que as novas tecnoloxías aportan solucións a particulares e PEMES. Os principios elementos innovadores radican no feito de que coa tecnoloxía IMAX, internet pode chegar a calquera sitio. E tamén o cambio de chip que supón deixar de asociar as TIC ao contorno empresarial e urbano.



Datos empresa

Situación actual

Neste momento, estamos desenvolvendo unha intensa labor comercial para consolidar a nosa carteira de clientes.

Perfil cliente

Estamos abertos a todo tipo de clientes. Na área de infraestruturas, facemos fincapé nas Administracións Locais, porque son as que teñen que prover os servizos cando os operadores non poden.

Tamén traballamos moito con PEMES e con particulares (cooperativas agrícolas, etc.)



Idea inicial

IGN Solutions naceu da unión de tres profesionais de tres multinacionais do sector TIC. Os tres proviñamos de diferentes áreas, con formas de traballar dispares, pero cunha visión única acerca do que queriamos facer, de como enfocar os servizos TIC. Tiñamos idea de volver a Galicia e xurdiunos algún cliente na zona. Vimos que as capacidades dos tres eran moi complementarias e que Galicia tiña un tremendo potencial, sobre todo na prestación de servizos tecnolóxicos no medio rural, tanto instalacións físicas como servizos de valor engadido. Grazas a esa complementariedade podemos ofrecer un servizo integral.

Nacemos coas filosofía de ofrecer servizos tecnolóxicos de calidade dende un contorno de traballo e persoal atractivo para os nosos colaboradores.

Entre os tres acumulamos máis de 30 anos de experiencia no sector. Dende que esas inquietudes se atoparon ata hoxe pasou o tempo, pero a evolución segue e seguirá mantendo a filosofía orixinal dese primeiro encontro.

Principales dificultades y amenazas futuras

Os tres traballabamos en Barcelona e viñemos a Galicia para emprender este proxecto. Ao principio foi duro compaxinar isto co traballo, pero dende a Fundación CEL axudáronnos moitísimo. Chamáronnos e dixéronnos que xa tiñamos un despacho e que nun mes podiamos comezar coa actividade. No entanto, os trámites alongáronse moito. É algo co que hai que contar cando se crea unha empresa. Aínda que queres traballar, tes que esperar polas licencias; e as axudas financeiras tamén te limitan porque están suxeitas a certos requisitos.

No que fai ás ameazas, pensamos na competencia, pero por outra parte, axúdache a superarche. É cuestión de esforzarte e facelo mellor que os demais.



Perfil promotores

Sonia Méndez posúe o grao superior de telecomunicacións e informática e aporta experiencia en empresas do sector durante cinco anos.

Juan Solé aporta experiencia de 6 anos en T-Systems xestionando proxectos de informática e telecomunicacións en grandes empresas de servizos bancarios e de telecomunicacións e en estruturas de cableado e telecomunicacións durante 12 anos.

Juan Carlos Díaz é enxeñeiro técnico en informática e aporta experiencia, dende que estudaba, nos servizos técnicos da UOC, en proxectos para AENA, ENDESA, corporación Iberdrola e noutras grandes empresas e consultorías do sector.

Aptitudes necesarias

Gañas de traballar.
Gañas de traballar ben.
Gañas de innovar.
Ter moita ilusión polo teu proxecto.

Guía de Actividad

Empresas de I +D (www.guias.bicgalicia.es)

Motivacións

**Dedicarme ao que me gusta
O reto que supón**

**A independencia que proporciona
Demostrar aos demais as miñas
capacidades**

Formación

¿Recibi información específica sobre a creación de empresas?

Non

¿Considera importante recibir formación específica sobre creación de empresas para desenvolver con éxito un proxecto empresarial?

A formación, de calquera tipo, axuda e aporta rapidez ao proceso de creación da túa empresa. En todo caso, nós recibimos asesoramento por parte da Fundación CEL.



Anecdotalario

Non dispoñible

